

BASES DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

CURSO 2026/2027

O Concello de Gondomar continúa apostando polo deporte base como unha ferramenta fundamental para a formación integral da infancia e da mocidade. A través do Programa Municipal de Escolas Deportivas preténdese ofrecer unha ampla variedade de actividades que fomenten hábitos de vida saudables, a práctica deportiva e a adquisición de valores como o respecto, o compañeirismo, o esforzo, a igualdade e a superación persoal.

As Escolas Deportivas Municipais constitúen un espazo de aprendizaxe, convivencia e lecer no que os nenos e nenas poden iniciarse e perfeccionarse en distintas modalidades deportivas baixo a dirección de persoal cualificado, nun contorno seguro e adaptado ás súas necesidades.

INFORMACIÓN

CONTACTO

Teléfono: 608 748 393/678 912 138

deportes@concellodegondomar.gal

INSCRIPCIÓNS

Rexistro xeral do Concello de Gondomar dende o 10 ao 30 de setembro.

HORARIO INFORMACIÓN. Pavillón municipal Bernabé Costas de Miranda
(mes de setembro)

Martes e xoves de 10:00 horas a 12:00 horas

Luns a venres de 18:00 horas a 20:00 horas

HORARIO DE OFICINA

Luns a venres de 18:00 a 20:00 horas



INSCRICIÓN E MATRÍCULA

- A matrícula deberá realizarse mediante o **formulario específico establecido para tal efecto**, que deberá ser presentado dentro do prazo establecido, empregando algunha das seguintes vías:
 - **Presencialmente**, na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros do Concello de Gondomar, entregando anexo específico e copia do DNI.
 - **Por vía electrónica**, a través da Sede Electrónica do Concello de Gondomar, mediante **instancia xenérica**, entregando anexo específico e copia do DNI,
 - **En calquera dos lugares e medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro**
- A presentación deberá efectuarse **do 10 ao 30 de setembro, ambos os dous incluídos**.
- As persoas menores que non dispoñan de DNI ou NIE deberán presentar o **Libro de Familia** ou documento equivalente no que conste a súa filiación.
- Para que unha escola deportiva poida iniciarse será necesario un **mínimo de 10 alumnos/as matriculados/as**.
- O Servizo Municipal de Deportes poderá pechar a matrícula dunha actividade unha vez acadado o número máximo de prazas establecido para a mesma.
- O importe da matrícula será de:
 - **73,98 €** para as actividades cunha duración de **9 meses**, máis **9,85 €** en concepto de seguro. (Importe total: 83,83 euros)
 - **Actividade dirixida a adultos de outubro a xuño.**
 - **65,76 €** para as actividades cunha duración de **8 meses**, máis **9,85 €** en concepto de seguro. (Importe total: 75,61 euros)
 - **Actividades dirixidas a menores de outubro a maio segundo calendario escolar**, respectando os períodos non lectivos de Nadal, Entroido e Semana Santa.
- Aplicaranse as seguintes bonificacións por unidade familiar:
 - 25 % para o segundo membro.
 - 50 % para o terceiro e sucesivos.
- Consideraranse membros da unidade familiar os menores de 18 anos, os menores de 25 anos que dependan economicamente dos seus proxenitores (circunstancia que deberá acreditarse), así como os cónxuxes e membros de parellas de feito inscritas legalmente.
- O pagamento efectuarase nun único ingreso, indicando o nome do alumno/a e a actividade elixida, nas contas habilitadas polo Concello.



- O pagamento realizarase unha vez confirmada a existencia de praza polo departamento de deportes e sempre antes do inicio do curso.
- O pagamento realizarase mediante ingreso ou transferencia bancaria en calquera dos seguintes números de conta:
 - CAIXABANK: ES65 2100 5752 6102 0000 2566
 - ABANCA: ES17 2080 5035 0730 4001 1300
- As matrículas formalizadas a partir do mes de xaneiro rexeranse polas tarifas vixentes na Ordenanza Fiscal correspondente.
- Unha vez formalizada a matrícula e realizado o pagamento, **non procederá a devolución do importe**, agás no caso de suspensión da actividade por causas imputables á organización.
- O alumnado matriculado en máis dunha actividade aboará o seguro unicamente unha vez.
- Terán preferencia na adxudicación das prazas as persoas **empadroadas no Concello de Gondomar**.
- Será obrigatorio presentar o xustificante de pagamento antes do inicio da actividade.

PROTOCOLO EN CASO DE ACCIDENTE

- O Programa Municipal de Escolas Deportivas conta cun **seguro de accidentes deportivos**, que cubrirá exclusivamente as continxencias previstas na póliza correspondente.
- En caso de accidente, o monitor ou responsable da actividade comunicará inmediatamente a incidencia ao Servizo Municipal de Deportes e á familia do alumno/a.
- Nos accidentes leves, o pai, nai ou titor/a trasladará ao participante ao centro sanitario concertado.
- Nos accidentes graves, os responsables da actividade solicitarán asistencia sanitaria urxente e avisarán inmediatamente á familia.
- Para a tramitación do accidente será obrigatorio cubrir o correspondente **parte de accidente**, que deberá entregarse segundo o procedemento establecido polo Servizo Municipal de Deportes.
- A falta de cumprimento do protocolo poderá implicar a non cobertura polo seguro.

Centros asistenciais concertados

- Hospital Ribera Povisa.
- Hospital Vithas Vigo.



- Centro Médico Concheiro.

REQUISITOS

- Poderán participar os nenos e nenas que cumpran os requisitos de idade establecidos para cada modalidade deportiva.
- Como norma xeral, a idade mínima de participación será para os nados no ano **2021**, salvo que a modalidade estableza outra distinta.
- Recoméndase a realización dun **recoñecemento médico previo** para garantir a aptitude para a práctica deportiva.

NORMAS DE FUNCIONAMENTO

- O acceso ás instalacións durante o desenvolvemento das actividades estará restrinxido ao alumnado participante, agás autorización expresa do persoal responsable.
- As consultas das familias aos monitores/as realizaranse ao remate das sesións ou a través do Servizo Municipal de Deportes.
- Será obrigatorio asistir ás actividades coa vestimenta e o calzado deportivo adecuados.
- Non estará permitido portar obxectos que poidan supoñer un risco durante a práctica deportiva.
- O alumnado deberá acudir ás instalacións con suficiente antelación e permanecer na zona indicada ata o inicio da actividade.
- Os menores que permanezan nas instalacións fóra do horario da súa actividade estarán baixo a exclusiva responsabilidade dos seus pais, nais, titores legais ou familia acolledora.
- O Concello poderá utilizar fotografías ou vídeos das actividades con fins exclusivamente informativos e de promoción institucional, de conformidade coa autorización correspondente e coa normativa de protección de datos.
- O Servizo Municipal de Deportes resérvase o dereito de modificar horarios, grupos, instalacións ou normas de funcionamento cando existan razóns organizativas, técnicas ou de interese público que así o aconsellen.
- O inicio das actividades está previsto para o **1 de outubro de 2026**.

